

“Coidadores da Vila”:

(Coidadores de barrio: a asistencia máis próxima)

A Vila de Bouzas é unha das zonas nas que os coidadores de barrio están a desenvolver o seu labor e onde o servizo público que prestan se está facendo imprescindible entre os que somos habituais usuarios.

Eles escoitan as demandas cidadás, ás que tratan de dar resposta coa maior celeridade e eficacia posible. Homes e mulleres que proporcionan acompañamento aos residentes, especialmente ás persoas maiores, dinamizan actividades solidarias, axudan a persoas en risco de exclusión social, atenden a quen o precisa no seu domicilio e mesmo axudan a facer a compra de medicamentos ou de alimentos a quen non pode ou non ten capacidade para valerse por si mesmo.

Todo este labor fainos a vida máis doada aos vigueses e viguesas e trata de que nos sintamos acompañados e asistíndonos naquilo que non podemos realizar sós.

Co cumprimento destas funcións, os coidadores de barrio en a Vila de Bouzas desenvolven o seu labor pensando na satisfacción de toda a veciñanza que, nestes homes e mulleres, encontra proximidade e, ás veces, o cariño e atención dos amigos ou familiares que están lonxe ou xa non poden estar no seu día a día. Este labor, tan necesario nas grandes cidades como é o caso da nosa, son imprescindibles para manter vivas moitas das actividades sociais que unha persoa soa se vería imposibilitada de realizar.

Deste servizo municipal, benefí-

ciáanse, de maneira moi especial, os nosos maiores e as persoas con algunhas dificultades físicas que atopan no coidador un atento e servizal acompañante e moitas veces confidente.

Habemos de felicitarnos, e debemos felicitarnos tamén a toda corporación municipal, ao noso Alcalde e ao concelleiro de Emprego, Santos Héctor, por ter elixido a nosa Vila como lugar onde instaurar e desenvolver esta actividade tan social e humana. Os nosos coidadores desenvolven as súas tarefas dunha maneira eficiente, próxima e ao gusto e satisfacción de todos os usuarios, de maneira que o emprego deste servizo por parte dos nosos veciños e veciñas estase facendo cada día máis popular e imprescindible. Somos moitos os maiores que, na nosa Vila, estamos nesta etapa da vida. Isto fala moito e moi ben a favor do vivir neste delicioso e tranquilo “recuncho” da nosa variopinta e cosmopolita cidade.


Ao mesmo tempo, o servizo de asistencia dos coidadores municipais serve para que estas persoas, que participan no programa, atopan un emprego e adquiren experiencia nesta área laboral. Ademais, co seu traballo, funcionan como nexos de conexión do Concello coa cidadanía, ao informaren de necesidades ou malas prácticas que se detectan.

Coa experiencia como aval e o respaldo da veciñanza ao seu traballo, os coidadores son hoxe un referente do barrio, un punto de encontro da vida na rúa, convertidos nunha figura de relevante utilidade social. Cumpren unha función difícil de pagar porque están




En la parte posterior apreciamos a Alberto Armada, Marisa Montaña, Emma Barros, y delante de ellos Beatriz Millara, Paula Pazó y Paqui Fernández Los “Ángeles” cambiaron el uniforme blanco por el azul y las alas por fuertes brazos. Gracias por hacernos la vida más fácil.


ao servizo e ao carón de quen máis o precisa, no momento no que o precisan. Solicita a súa axuda. ¡Non te arrepentirás!



Jesús Román, acompañado por Alberto Armada, delante del palco aprovechando el buen tiempo en su acostumbrado paseo por la alameda. Aquilina Pérez, la mujer de Jesús, a su lado como siempre




Juanita Iglesias acompañada de Beatriz a su paso por la pérgola camino de la iglesia.




Santos Héctor, edil da Área de Emprego do Concello, que é o responsable deste servizo que mellora sensiblemente a calidade de vida dos boucenses. As ideas cando son boas hai que aplaudilas.

A atención ás persoas e ás súas necesidades é unha das prioridades do goberno de Vigo e para dar cumprimento a este obxectivo, o Concello puxo en marcha o servizo de coidadores de barrio, (no noso caso Coidadores da Vila) nacido para prestar apoio de proximidade á veciñanza, tamén aos comerciantes e mesmo aos turistas que visitan a cidade.

O programa de coidadores de barrio intégrase no Plan Municipal de Emprego. O Concello inviste neste ano 2016 un total de 540.000 euros e, ao longo de tres anos, vai destinar 1.180.000 euros, coa previsión de dar emprego a 153 persoas neste prazo de tempo.



Viruca Iglesias acompañada por Marisa, al regreso de realizar la compra diaria.



David Bargiela y Paula Pazó en su habitual paseo por las ruas de nuestra villa

Redacción.